



Don Pasquale

Don Pasquale colle o Whatsapp

Afonso Becerra de Becerreá

Fotos: AOV

de ir á ópera en Vigo e de que o Outono Lírico non fique no literal do lirismo e salte á diversión. Boa feita nos fai nesta época de traxedias bélicas e convulsións económicas e sociais!

Don Pasquale (1843) de Gaetano Donizetti, o 5 de novembro de 2023 no Teatro García Barbón, foi unha ledicia, un xogueite cómico con puntos case de *vaudeville* a La Cubana, quizais por un certo punto hiperbólico ou paródico, referido aos *imbroglios* amorosos e comenenciados dos personaxes, entre o tipo e o estereotipo. Tamén polas cores de vestuario e elementos escenográficos (fucsia, rosa, vermello, cores rechamantes). Eugenia Corbacho, a directora de escena, estivo moi atinada na súa dramaturxia, mesturando audiovisual e teatro e actualizando a comedia con referentes populares de hoxe en día, tomados dos programas do corazón, da prensa rosa e o *papel couché*.

A iso súmase a simpatía coa que o elenco animou a comedia. Con especial brillo vocal o tenor Jesús León, no papel de Ernesto, o namorado novo, cunha voz aveludada e bela. Sen desmerecer no canoro, resaltaron no cómico, sen subliñados, de xeito sinxelo e fluído, o dúo formado por Don Pasquale, interpretado polo baixo Fernando Latorre, e o Doutor Mala Testa, interpretado polo barítono Fernando Campero. Tamén a espelida Norina, interpretada pola soprano Natalia Labourdette, que nos sorprendeu coas súas fantásticas habilidades actoriais, movéndose con moita soltura, bailando, etc.

Os modelos da *Commedia dell'arte* italiana foron máis patentes en Don Pasquale (Pantalone), o Doutor Malatesta (Il Dottore) e Norina (entre Columbina e unha Namorada). Ficando, curiosa-

mente, nun papel máis ambiguo ou contemporáneo Ernesto, un *gamer* hedonista. Aínda que a parodia de *culebrón* televisivo ou o xogo do *vaudeville*, con teléfonos móbiles e *Whatsapp* polo medio, diluise esa referencia tradicional. Nese rexistro case circense, estaban tamén o barítono Adolfo Díaz, facendo de Notario, nunha parodia carnavalesca do Elvis Presley máis icónico, e os criados interpretados por Noelia Ratel, Mariña Río e Juan A. Gómez.

Manuel Coves, no foso, dirixiu á Orquestra Sinfónica Vigo 430 con presteza e sen deixar caer o ritmo de comedia, permitindo, aínda así, algunha desas melodías amorosas de ton romántico, que Donizetti escribiu na partitura.

O Coro Rías Baixas interveu no Acto III sumándose ao colorismo circense e *vaudevillesco*. Notábase-lles ben que desfrutaban co que facían e iso transmítese. Pasámolo ben! Deu gusto ver e ouvir!#

Don Pasquale, Amigos a Ópera de Vigo

Dirección escénica: Eugenia Corbacho

Dirección musical: Manuel Coves

Reperto: Fernando Latorre (baixo), Natalia Labourdette (soprano), Jesús León (tenor), Fernando Campero (barítono), Adolfo Díaz (barítono), Noelia Ratel, Mariña Río, Juan A. Gómez. Orquestra Sinfónica Vigo 430

Coro Rías Baixas. Dirección: Brais González

Axudante de dirección: Adolfo Díaz

Correpetidor: Carlos E. Pérez

Vídeo, escenografía e iluminación: Alejandro Contreras

Deseño de vestuario: Ana Ramos

Colaboración especial: Carlos Veleiro



Il Trovatore

Il Trovatore vigués, como un conto operístico

Afonso Becerra de Becerreá

Fotos: AOV

Asociación de Amigos da Ópera de Vigo ofreceunos, para o Outono Lírico, dous dos títulos máis famosos do repertorio italiano, unha traxedia: *Il Trovatore* (1853) de Giuseppe Verdi, e unha comedia: *Don Pasquale* de Gaetano Donizetti.

O Teatro García Barbón abriu as súas portas ao xénero lírico de produción olívica o 15 de outubro, cunha versión semi-escenificada de *Il Trovatore*, dirixida, no que atinxe ao teatral, por Ignacio García, e, no que atinxe ao musical, por Diego García Rodríguez, coa Orquestra Sinfónica Vigo 430 e o Coro Rías Baixas, dirixido por Brais González.

En *Il Trovatore* a orquestra ocupou o groso do escenario, deixando a faixa do proscenio para os cantantes, vestidos de gala, sen unha caracterización teatral dos personaxes, interpretando as escenas de maneira limpa e esquemática, sen complexidade dramática, pero con eficacia no desenvolvemento das situacións que compoñen a trama.

O triángulo amoroso entre o tenor Alejandro Roy, como Manrico, e a soprano Iwona Sobotka, como Leonora, no medio dos que se

interpón o barítono Javier Franco, como o adversario Conte di Luna, tivo unha execución expresiva simple, pero moi eficaz. E isto agrádesese moito, porque noutras óperas realizadas en Galicia e non só, envólvense as escenas en escenografías, que non deixan de ser unha decoración, e quen interpretan aparecen máis disfrazados do que caracterizados, para, ao final, limitarse a ilustrar un pouco as situacións dramáticas do libreto, polo xeral en posicións moi frontais para non perderse se deixan de mirar ao director de orquestra. Neste *Il Trovatore*, pola contra, non había nin trampa nin cartón, as cartas xogábanse abertamente. Alejandro Roy (Manrico), Iwona Sobotka (Leonora), M^a Luisa Corbacho (Azucena), Javier Franco (Conte di Luna), David Lagares (Ferrando), César Gutiérrez (Ruiz) e Marina Penas (Inés) interviñan nas escenas coas actitudes, as intencións e as expresións xustas no que se refire ás situacións dramáticas, sen construír personaxes, excepto, tal vez, M^a Luisa Corbacho coa xitana Azucena, quizais, tamén, para compensar algunhas dificultades vocais que

se podían apreciar na súa interpretación, de sonoridade que rascaba por veces, un pouco como se estivese traballando cunha voz falsa, pero dando notablemente o personaxe. Iwona Sobotka defendeuse moi ben no rexistro grave, que nesta partitura para soprano resulta especialmente esixente e no rexistro agudo sorprendeunos co seu cristalino e poderoso chorro de voz, capaz de interpretar as notas entre a voz cantada e o pranto, cunha finura maravillosa. Alejandro Roy, cunha voz dúctil e brillante, bonita, aínda que fisicamente un pouco envarado. E Javier Franco, no Conte di Luna, moi ben matizado, sen caer en clichés expresivos, severo e ilusionado por Leonora. A destacar tamén a altura e a presenza física do baixo David Lagares, no papel de Ferrando, que foi quen máis interaccionou co Coro Rías Baixas. O coro manexouse cunha grande axilidade, frescura e flexibilidade expresivas nas súas intervencións. A iluminación e a montaxe videográfica de Alejandro Contreras, xogando con debuxos e pinturas de Goya e con cores e formas diversas, axudaban a dar temperatura e contexto atmosférico ás escenas.

Il Trovatore é unha traxedia que dramaticamente transcorre lizgaira, ou esa foi a miña impresión nesta produción, e na que sempre encontramos esas melodías verdianas tan pegadizas que nos fan desfrutar aínda que o asunto sexa terrible. Nesta posta en escena, case versión de concerto, máis ca representar a historia vánnola contando persoas, coma nós, que interpretan aqueles personaxes románticos daquela especie de conto medieval. #

Il Trovatore, Amigos a Ópera de Vigo

Dirección musical: Diego García Rodríguez

Dirección escénica: Ignacio García

Reperto: Alejandro Roy (tenor). Iwona Sobotka (soprano). María Luisa Corbacho (mezzo-soprano). Javier Franco (barítono), David Lagares (baixo). César Gutiérrez (tenor). Marina Penas (soprano). Juan Abalde (tenor). Alfonso Castro (baixo)

Orquestra Sinfónica Vigo 430

Coro Rías Baixas

Dirección do Coro: Brais González

Vídeo e iluminación: Alejandro Contreras

Mestre repetidor: Carlos E. Pérez

Teatro Afundación

Vigo, 15 de outubro de 2023

CRÉMILLO

PROYECTOS CULTURALES
Y DIST. ESPECTÁCULOS



Director
Afonso Becerra de Becerreá

Subdirectora
Ana Abad de Larriva

Secretario
Iván Fernández

Tesoureira
Che Mariño

Consello Editorial
Antón Lamapereira
Xosé Manuel Pazos Varela (†)
Che Mariño
Gonzalo Rodríguez Calvo
Casilda Alfaro

Consello de Redacción
Ana Abad de Larriva
Afonso Becerra de Becerreá
Belém Brandido
Comba Campoi
Iván Fernández Diéguez
Javier Lojo
Sabela Mendoza
Nieves Neira Roca
Roberto Pascual
Xoán Carlos Riobó
Roi Vidal Ponte

Colaboran neste número

Dani G. Salgado
é Ariel Q. Sesar
Francisco Castro
Inma López Silva
Larraitz Urruzola
Nano Ameneiro
Paula Sanmartín

Paz Francés
Raquel Castro
Ricardo Solveira
Rosalia Fernández Rial
Sara Santamaría
Silvia Penas

Colabora na revisión de textos

Laura Pousada

Edita

Asc Cultural Entre Bambalinas | CIF: G36209062

Foto de portada

A raíz de. Foto: Coral Alonso

Deseño base de maqueta

Desoños | www.desonhos.gal

Contacto

Apdo. Correos 210 - 36940 Cangas

Redacción

comunicacion@errequete.gal

Dirección

direccion@errequete.gal

Publicidade e facturación

publicacion@errequete.gal

Subscricións

subscricions@errequete.gal

Maquetación e redeseño a cor

Javier Lojo

Depósito legal

Vg.21-1994

ISSN

1888-2412

web

www.errequete.gal

Portal de subscrición

www.subscricion.errequete.gal

Facebook

facebook.com/errequete

Twitter


twitter.com/errequete

Instagram

instagram.com/errequete

As opinións emitidas na *errequete* son da exclusiva responsabilidade de quen as asina.

Entidades colaboradoras:



Editorial # 5

Tocounos a lotaría - Afonso Becerra de Becerreá

Danza e artes do movemento # 6

Traballo e optimismo. Entrevista a Pilar Portela - Afonso Becerra

Maxia # 12

O baúl do mago. Entrevista ao Mago Rafa - Ana Abad de Larriva

Monicreques e teatro de obxectos # 17

"Mamulengo é brincadeira". Entrevista a Izabela Brochado - Comba Campoi | Olladas ao mundo das formas animadas en Charleville-Mézières - Antón Lamapereira e Xoán C. Riobó | Crónica (a dúas voces) dunha itinerancia soñada - Paz Francés e Larraitz Urruzola

Escena aberta # 35

Cun nós por riba dun eu. Entrevista a Paula Carballeira - Roi Vidal Ponte | O FIOT: abismo redentor - Rosalia Fernández Rial | No patio do recreo. XX anos de Teatro Ensalle - Silvia Penas | Arte e potencia do pequeno formato - Afonso Becerra | A lixenia do Proxecto NÓS/NOUS - Ana Abad de Larriva | O segredo de cumprir 40 anos - Ana Abad de Larriva

Espectáculos # 54

Alleo - Xán Martínez | *Run Baby Run* - Paula Sanmartín | *Minguentes* - Afonso Becerra | *Vestirme de ti* - Afonso Becerra | *Iribarne* - Francisco Castro | *Asfixia* - Iván Fernández | *Manu-do día* - Iván Fernández | *Aída* - Afonso Becerra | *Sibaris* - Inma López Silva | *Bailar no ceo* - Iván Fernández | *Frijo* - Iván Fernández | *Salomé* - Afonso Becerra | *Todo nunha noite* - Sara Santamaría | *Iphixenia na porta do súper* - é Ariel Q. Sesar | *Berro* - Afonso Becerra | *Isolada* - Iván Fernández | *A Laugh to Cry* - Afonso Becerra | *Don Pasquale* - Afonso Becerra | *Il Trovatore* - Afonso Becerra | *Canta máis luz, máis sombra* - é Ariel Q. Sesar | *Auto do Castromil* - Iván Fernández | *Roméo et Juliette* - Afonso Becerra | *A raíz de* - Afonso Becerra | *Entrega en man* - Ana Abad de Larriva | *Manuela Rey Is In Da House* - Afonso Becerra

Investigación # 106

A fonte do tratado de Leandro Carré Alvarellos - Ricardo Solveira

Libros # 111

As Xornadas e as Mostras de Teatro de Vigo (1972-1979), de Dolores Miloro - Roberto Pascual | *Lume*, de J.L. Baños de Cos - Raquel Castro | *A nunca vista*, de Ana Abad de Larriva - Inma López Silva | A colección teatral da Xunta de Galicia - A.A.d.L

Actualidade AISGE # 118

AISGE honra no seu centenario a memoria de Ana Mariscal, actriz valente e directora pioneira - Nano Ameneiro

Proscenio # 120

Confundídesme con outra - Ana Vallés | Onde a maxia sempre vence - Dani G. Salgado



CATÁLOGO DIXITAL
DE DANZA E ARTES DO MOVEMENTO



 XUNTA
DE GALICIA

106

erreguete # revista galega de teatro



erreguete
revista galega de teatro

ESCENA ABERTA

Paula Carballeira: cun nós por riba dun eu

PROSCENIO

Ana Vallés: "Confundídesme con outra"

MAXIA

Maxia en caravana

